


A IMPORTANCIA DA NOSA CULTURA



Froito do facer hitórico da nosa xente fomos moitos os que puidemos vivir a nosa nenez nunha contorna ateigada de galeguidade que dunha forma paseniña iría asolagando o noso espírito dunha sólida identidade, produto dunha cultura centenaria e popular que sempre deu sentido vital ás nosas vidas, ademais de enchoupar de humanidade o noso ser. A cotío, esta cultura foi o berce común da maioría dos galegos, a quentura humana que se substanciou no fenómeno da saudade, sobor de todo, alén da Terra-nai, e nos deu seguridade e arroupou con agarimo nos momentos de maior incomprensión. Foi sen lugar a dúbidas, o froito máis singular do noso xenio, e polo tanto, o código xenético do noso espírito, sublimado nunha continuada e extensa produción artística da que hoxe disfrutamos. En definitiva, a nosa carta de presentación que segue a singularizarnos entre o conxunto dos humanos neste mundo globalizado, nos que algúns tentan arreo uniformarnos.

Polo tanto, renunciar á galeguidade é renunciar á nosa identidade, ao máis xenuíno do noso ser, aquilo que nos dá valor como pobo e nos permite contribuír ao enriquecemento do legado común da humanidade.

